

XOGO DO PUCHEIRO CACEROLO

(Abellón, Moscardón, Abejorro, Borinot)

A orixe do xogo é descoñecida, pero a súa práctica foi común a toda a península, recibe diferentes nomes segundo a zona xeográfica na que nos atopemos. Así nas zonas castelanfalantes é coñecido como o xogo do “moscardón” ou “abejorro”. En Catalunya é coñecido polo xogo do Borinot, e na zona da Costa da Morte é nomeado como o Pucheiro Cacerolo.

Os primeiros documentos que recollen este xogo son as chamadas “caunas” ou “aleluyas” que segundo nos explican Martín (2005); Pelegrín (2013); Pubill (2010) estas eran unha especie de viñetas que se tiñan a súa difusión nas clases baixas e servían para transmitir determinados coñecementos á poboación. Neste caso son orientadas para os nenos, explícanos Martín (2005) que este tipo de publicacións eran moi comúns entre as clases populares. E que debido ao escaso nivel educativo da gran parte da poboación, os debuxos incluídos nelas facíanas comprensibles a toda a poboación. Nun principio soamente tiñan debuxos, pero co tempo foron introducindo versos e rimas que os máis pequenos aprendían e recitaban, por dicilo vulgarmente eran os “comics” e “tebeos” de mediados do século XVII ata principios do SXX .

As orixes das primeiras “caunas” ou “aleluyas” infantís publicadas nas zonas de Valencia e Barcelona son as *Jochs d'infanteça*, Valencia, 1674 e *Aleluyas juegos de la infancia*, do Século XIX (Pelegrín, 2013). A primeira delas esta inspirada nos “Les jeux et les plasirs de l'enfance”, realizados por Claudine Bouzonnet, (Duran e Sempere como se citou en Pelegrín, 2013). Existen outras como a de Jocs de la Mainada (Amades) nas que tamén se presentan distintos xogos populares da época.

O xogo do Pucheiro cacerolo, aparece recollido nunha impresión do século XIX, acompañada da seguinte rima: “el juego del moscardón es de mucha diversión”. Rosa (2013) tamén recolle algunhas referencias e citas de

diversos autores da literatura española como, Lope de Vega, Alonso de Ledesma e do Dicionario de Autoridades de 1726, entre outras referencias.

O xogo do Puchero Cacerolo ou abellón, precisa de tres participantes dous deles deben colocarse mirando ao fronte e deixando un pequeno espazo no medio para que se sitúe a outra/o participante. Aqueles que están nos laterais, deben estar coas pernas situadas a altura dos ombreiros, cunha pequena flexión nos xeonllos. Namentres que a man que queda máis afastada do centro cubrirá a meixela interior da faciana e o brazo interior debe estenderse paralelo ao chan. O xogador do medio coas pernas na mesma posición que os outros colocará as dúas mans na boca, ben un puño detrás do outro ou coas palmas da man tapando a boca.

Unha vez que comeza o xogo, a xogadora/r que está no medio debe emitir un son “UUUUUMMM” o cal simula a un abellón e moverase balanceando o tronco dun lado a outro. No momento que decida deberá tocar ou golpear as mans dos adversarios que ten ao carón. Ao mesmo tempo que golpea debe evitar que os outros participantes lle golpeen na caluga ou na parte de atrás da cabeza.

Rosa (2013) recolle outra versión que explica do seguinte modo:

“La versión que conocí fue la siguiente: Uno de los jugadores, posiblemente el más “afortunado”, se colocaba de espaldas a los demás (que estaban en fila detrás de él) con los brazos cruzados, de modo que el que pasa por encima del otro estaba flexionado por el codo de tal manera que la mano se colocaba a la altura de los ojos con el objeto de taparlos para no ver. El otro brazo en posición normal de cruzado de modo que la mano asomara por debajo de la axila correspondiente. En tal posición de total indefensión y ciego, además, recibía los golpes de los moscardones en la mano. A partir de ese momento el que ponía se podía dar la vuelta y los demás hacían el zumbido del moscardón o del abejón y con el dedo índice hacia arriba describían círculos. El pobre golpeado tenía que adivinar quién fue el que le zurró la badana. Si lo conseguía, por pura casualidad, pasaba a poner el desenmascarado y si no lo lograba, que era lo normal, seguía siendo chivo expiatorio para recibir golpes,

golpes y golpes, que no siempre eran suministrados con buenas intenciones ni en el sitio destinado para ello: la mano”.

O obxectivo da versión máis extendida deste xogo e golpear sen ser golpeado, no momento que un dos que están nos laterais toque ao do medio, este pasa a ser substituído no centro. É un xogo no cal se traballa principalmente a velocidade de reacción e a lateralidade dos participantes e no que existe contacto físico polo que é recomendable realizar certas advertencias antes de participar. Este é un xogo para nenas e nenos maiores duns 8-9 anos o feito de que exista certo contacto obriga a extremar as precaucións cos menores.


IMAXES



Fig 1: Cauna do S. XIX: “el juego del moscardón es de mucha diversión”.



Fig 2: Cauna sen identificar




16
El juego del *Moscardon* es de mucha diversion.



17
A las *Cuatro-esquinas* gana quien mas en correr se afana.



18
Los muchachos mas traviosos juegan al *Quebranta-huesos*.




22
En los *Bolos*, la jugada hace la bola impulsada.




23
Quiere el *Columpio* firmeza en las manos y cabeza.



24
El *Toro* siempre depara movimiento y algazara.



28
El juego de la *Sortija* es de punteria lija.



29
Regocijo siempre alcanza el juego de la *Balanza*.



30
En el *Tejo*, los que juegan, ganan cuando al punto llegan.



34
Es fuerza, jugando al *Lobo*, no ser pesado ni bobo



35
El *Calienta-manos* es tan sencillito como ves.



36
Juegan al *San-sereni* las niñas asi, asi.

Fig 3: metade Cauna S. XIX,

BIBLIOGRAFÍA

Amades, J. *Auca dels jocs de la Mainada*. Barcelona: Altafulla.

Martín, A. (2005). Historia de las lecturas infantiles. Las aleluyas (Primera lectura y primeras imágenes para niños (siglos XVII-XIX). *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, (179). Retrieved from www.revistas culturales.com website: <http://www.revistas culturales.com/articulos/33/clij-cuadernos-de-literatura-infantil-y-juvenil/267/1/historia-de-las-lecturas-infantiles-las-aleluyas-primera-lectura-y-primeras-imagenes-para-ninos-siglos-xviii-xix.html>

Pelegrín, A. (2013). Cada cual que atienda a su juego: de tradición oral y literatura. 2013. Retrieved from www.cervantes.com website: <http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/cada-cual-atienda-su-juego-de-tradicion-oral-y-literatura--0/html/01bf60e6-82b2-11df-acc7-002185ce6064.html>

Pubill, Biel. (2010). Una experiencia educativa interdisciplinaria a partir de los aleluyas. *Revista Pedagógica de Educación Física*.

Rosa, J. (2013). Abejón, abejarrón, moscardón. Retrieved from www.jerezsiempre.com website: http://www.jerezsiempre.com/index.php/Abej%C3%B3n,_abejarr%C3%B3n,_moscard%C3%B3n

Enlaces de interese

<https://picasaweb.google.com/avellano3/Juegos#5274076111446288818>

<http://bieljoc.blogspot.com.es/search?q=borinot>

<http://www.joanamades.cat/>

http://www.youtube.com/watch?v=TPnV_xsNvFE